



## INFORME TÉCNICO DO ANTEPROXECTO DO CAPITULO I DOS ORZAMENTOS 2024

### ANTECEDENTES

En data 12/07/2023, dáse traslado da formación do equipo de traballo **para a elaboración do anteproxecto de Capítulo I dos Orzamentos Municipais 2024**, segundo de seguido se dispón:

- A xestión técnica do expediente electrónico n.º 42.630/220 asígnase ao Técnico de Administración Xeral, rama xurídica, D. Marcos Vitorro Gómez, funcionario de carreira da Área de Recursos Humanos e Formación, no exercicio das funcións contempladas no artigo 169.1, letra a) do Real Decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das Disposicións legais vixentes en materia de réxime local, e vixente guías sobre funcións dos postos de traballo do Concello de Vigo aprobadas pola Xunta de Goberno Local.
- A elaboración da documentación técnica especializada en materia de xestión do Capítulo I de gastos e da actualización da plantilla municipal e da relación de postos de traballo corresponde, consonte ás vixentes guías sobre funcións dos postos de traballo e ao artigo 171.1 do Real Decreto legislativo citado no punto anterior, á Técnica de Avaliación e Formación, dispoñendo a prestación do apoio especializado necesario ao técnico xestor do expediente.
- A actualización, almacenamento e alimentación da información relativa ao Capítulo I de gastos nas aplicacións xestoras das que dispoña a Área de Recursos Humanos e Formación, así como a mecanización dos datos necesarios para a elaboración sistemática da información nas aplicacións e soportes dixitais de simulación orzamentaria e xestión e control económico dos gastos de persoal, corresponde á administrativa de Administración Xeral, D<sup>a</sup> Tatiana Ordóñez del Pazo.

Unha vez conformado o grupo de traballo, solicitouse colaboración verbal ao departamento de Administración electrónica para o asesoramento na introdución e mecanización dos datos técnicos necesarios no programa GINPIX, constando en todo momento a colaboración por parte da adxunta-xefa do servizo de Administración Electrónica D<sup>a</sup> P. Alonso Cacheiro.





TRASLADO DO EXPEDIENTE 42630-220 E INDICACIÓNS SOBRE CUSTES DE PERSOAL

No expediente 42630-220 remitido en data 12/07/2023 ao Técnico de Admón. Xeral, responsable da xestión técnica do mesmo, achéganse as indicacións sobre custes de persoal no orzamento do ano 2024 asinado pola Tesoureira e Responsable Superior Contable e Orzamentación e conformado polo Concelleiro Delegado da Área en data 03/07/2023, nas que se indican, en síntese, as seguintes directrices:

- Estimación das variacións das retribucións nun 2,5%.
- Implementación na plantilla do ano 2024 a totalidade do Plan de estabilización de emprego aprobado.
- Dotación inicial das contías a produtividade e gratificación, nos termos cuantitativos do ano 2023 e nas aplicacións que se reflicten nesta instrución.
- Excluir do programa 1320 as dotacións previstas nas partidas 1210098 e 1210099.
- Como criterio xeral, o número de xornadas de reforzo anual deberá quedar limitado á contía máxima equivalente ao número de xornadas que representan as prazas vacantes.
- A TRE manterá o mesmo criterio que o previsto pola LOXE para o ano 2023.
- O complemento específico das prazas correspondentes aos postos do programa da Policía Local deberá reflectir os acordos adoptados.
- O Seguro colectivo de vida e accidentes, será pola contía do contrato que ten causa no acordo Marco.
- A dotación para contratos sen praza, aplicación 9200.1400000, non poderá ter unha dotación superior a prevista inicialmente para o ano 2023.
- Prazo de remisión da información até o 15 de setembro do ano 2023.
- Unha vez que se teña formado a estrutura de custes do capítulo 1 de acordo aos programas orzamentarios, os acordos que se adopten de mobilidade de recursos entre programas, quedarán diferidos ao ano seguinte, de non ser así, estase a xerar unha incoherencia entre o orzamento en trámite e aprobado e a asignación dos RR.HH.

-INCREMENTOS A APLICAR

Sen prexuízo das directrices recollidas no informe do Tesoureira e Responsable Superior Contable e Orzamentación, o artigo 19 da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023 (LOXE), dentro da regulación de *“Bases y coordinación de la planificación general de la actividad económica en materia de gastos de personal al servicio del sector público”*, recolle no seu apartado **dous**:

*“1. En el año 2023, las retribuciones del personal al servicio del sector público no podrán experimentar un incremento global superior al 2,5 por ciento respecto a las vigentes a 31 de*





diciembre de 2022, en termos de homogeneidad para los dos períodos de la comparación, tanto por lo que respecta a efectivos de personal como a la antigüedad del mismo.

2. Asimismo se aplicarán, en su caso, los siguientes incrementos respecto de las retribuciones vigentes a 31 de diciembre de 2022 y con efectos, en ambos casos, de 1 de enero de 2023:

a) Incremento vinculado a la evolución del Índice de Precios al Consumo Armonizado (IPCA). Si la suma del IPCA del año 2022 y del IPCA adelantado del mes de septiembre de 2023 fuera superior al 6 por ciento, se aplicará un incremento retributivo adicional máximo del 0,5 por ciento.

A estos efectos, una vez publicados por el Instituto Nacional de Estadística (INE) los datos del IPCA adelantado del mes de septiembre de 2023, se aprobará la aplicación de este incremento mediante Acuerdo del Consejo de Ministros, que se publicará en el BOE.

b) Incremento vinculado a la evolución del Producto Interior Bruto (PIB) nominal en el año 2023. Si el incremento del PIB nominal igualase o superase el estimado por el Gobierno en el cuadro macroeconómico que acompaña a la elaboración de la presente ley de Presupuestos, se aplicará un aumento retributivo complementario del 0,5 por ciento.

A estos efectos, una vez publicados por el INE los datos de avance del PIB de 2023, se aprobará la aplicación de este incremento mediante Acuerdo del Consejo de Ministros, que se publicará en el BOE.”

Así, en data 18/09/2023 asinase polo equipo técnico encargado da elaboración do anteproxecto do capítulo I de gastos para o exercicio 2024, o primeiro borrador dos cálculos efectuados, segundo as indicacións recibidas.

Unha vez realizado, e en data 19/09/2023, solicítase á Dirección Superior Contable e Orzamentaria, confirmación dos seguintes extremos, para a realización dos cálculos definitivos dos importes a incluír nas aplicacións orzamentarias que conforman o capítulo I de gastos para 2024:

- Porcentaxe de incremento definitivo en canto ao gasto en Seguridade Social.
- Realización de axustes respecto das porcentaxes de cotización das vacantes existentes, excluíndo no custe a porcentaxe correspondente ao Fondo de Desemprego.
- Incremento das retribucións do persoal, sobre as efectivamente aboadas a xullo 2023, tendo en conta o contido da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023.

Deste xeito, unha vez resoltas as anteriores aclaracións en data 22/09/2023 pola Dirección Superior Contable (trámite 28 do expediente administrativo) realízase polo equipo encargado novos cálculos o 23/09/2023, motivados nas aclaracións efectuadas, primeiramente no referido ao cálculo do custo da Seguridade Social das prazas vacantes.

En canto ao incremento en retribucións do persoal sobre as de 2023, e tal e como indica o mesmo informe citado da Dirección Superior Contable, segundo o previsto na LOXE para o



|  |  |                |
|--|--|----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo  | Data impresión: 25/10/2023 07:45           | Páxina 3 de 20 |
| 42630-220  | CSV: ACAE32-3FC453-21D287-4FZ345-9ZBKKQ-FD |                |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |  |                |



ano 2023, xa referido anteriormente, os Orzamentos incluírán unha subida das retribucións públicas do 2,5%. Ademais, esta subida poderase incrementar até nun punto adicional en función de variables vinculadas ao IPC e ao PIB nominal. En concreto, se a suma do IPC Harmonizado de 2022 e do IPC Harmonizado adiantado de setembro de 2023 supera o 6%, os salarios públicos subirán un 0,5% de maneira adicional. A segunda variable contempla unha subida de 0,5 puntos adicionais se o PIB nominal iguala ou supera o estimado no cadro macroeconómico que acompaña aos Orzamentos Xerais do Estado.

Sinalase no devandito informe que *“Como a primeira variable vaise cumprir, hai que ter en conta que a base de cálculo para o ano 2024, deberá ter en conta, que os salarios do ano 2023, subiron en relación co ano 2022, un 3%, no un 2,5%, en consecuencia, o 2,5% non será aplicable ao 2,5% do ano 2023, senón ao 3%. Partindo que o escrito enviado previa unha revisión do 2,5%, dondo o 2% é fixo, e o 0,5% está suxeito a condición, agora hai que incluír os atrasos pola nova porcentaxe, en consecuencia, nun correo do 14/09, enviouse por correo electrónico o criterio de revisión para o ano 2024, nun 3,01%, no que está incluído o 0,5% da Lei 31/2022 e o 0,5% da porcentaxe suxeita a condición para o ano 2024.”*

En consecuencia, realizase os cálculos cun incremento nas retribucións do persoal do 3,01%.

Posteriormente, en data 11/10/2023 remítese nota aclaratoria en referencia aos criterios para a formación dos custes da Seguridade Social do persoal, polo que procédese a realización dun novo cálculo dos referidos custos, segundo as indicacións recibidas da Dirección Superior Contable e Orzamentaria.

Deste xeito, tendo en conta a instrución de servizo de data 06/10/2023 e as indicacións recibidas da Dirección Superior Contable e Orzamentaria, realizase novo cálculo do Capítulo I de orzamento de gastos para 2024.

### **- INCLUSIÓN DAS BAIXAS POR XUBILACIÓN PREVISTAS E CONFIRMADAS ATA O 31/12/2024.**

Con respecto as baixas por xubilación previstas e confirmadas ata o 31/12/2023, inclúense como vacantes no orzamento 2024:

| NP    | Empregado                 | Data       | Posto                               |
|-------|---------------------------|------------|-------------------------------------|
| 16260 | Vega Márquez, JA          | 10/11/2023 | Oficial Xardiñeiro                  |
| 15958 | Villar Davila B           | 04/12/2023 | Policía Local procesos e interiores |
| 15237 | Blanco Álvarez JM         | 07/10/2023 | Oficial Conductor                   |
| 78828 | Riesgo Boluda J           | 04/11/2023 | Secretario Xeral Pleno Corporación  |
| 22415 | González Yebra Pimentel F | 30/12/2023 | Xefe Serv Xurídico S Xerais         |
| 83280 | Meira Covelo M            | 23/12/2023 | Responsable Instalacions Zoo        |
| 14396 | Amoedo Blanco JM          | 13/11/2023 | Oficial Procesos e Interiores       |





En relación coa inclusión das prazas da OEP de Estabilización do emprego temporal do Concello de Vigo aprobada pola Xunta de Goberno Local en data 31 de maio do 2022 (expediente nº 39.998/220), a creación e amortización de prazas e postos asociados en relación con dita OEP, xa figuran na aprobación dos orzamentos 2023 e na RPT 2023.

### **-CREACIÓN DE PRAZAS SOLICITADAS POLOS DISTINTOS SERVIZOS DO CONCELLO DE VIGO**

En data 06/10/2023, e á vista das solicitudes presentadas polos distintos Servizos ou xefaturas de Área sobre creación de novas prazas en plantilla, asínase pola concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolucións da Alcaldía de datas 19/06/2023, 20/06/2023 e 28/06/2023 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/06/2023), Instrución de servizo no seguinte senso (trámite 38 do expediente):

*“Aos efectos de conformación da plantilla orzamentaria no marco dos traballos técnicos de elaboración do anteproxecto de Capítulo I (gastos de persoal) dos Orzamentos Municipais 2024 (expediente electrónico nº 42630/220); e considerando a relación indicativa de solicitudes de creación de novas prazas en plantilla, remitidas dende os distintos Servizos/Áreas do Concello de Vigo, que obra incorporada ao expediente, pola presente e ao abeiro do establecido no RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF) dispónse o seguinte:*

*- Que se proceda a dotar na plantilla a totalidade das prazas que figuran na devandita relación, nos termos do que a normativa vixente en materia de estabilidade orzamentaria estableza,*

*- Que para o suposto de que non sexa normativa e/ou orzamentariamente posible a creación da totalidade das prazas, se priorice a estrutura técnica contemplada no subgrupo A1, contemplando a creación dunha praza de técnico/a de formación e aprendizaxe, subgrupo A2, na Área de RRHH e Formación con carácter prioritario no cadro de persoal orzamentario para o exercicio económico 2025, en garantía da suficiencia e adecuación das dotacións destinadas á xestión da formación do persoal municipal.”*

As peticións recibidas, incorporadas ao presente expediente, de creación e/ou amortización de prazas son as seguintes:

- Doc 230040807.- data 10/02/2023.- Xefa do servizo de Igualdade: Solicítase a dotación e provisión urxente de dúas prazas de psicólogo/a para o Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, centro adscrito á Área de Igualdade e Normalización Lingüística. O Servizo 331 Igualdade, esta dotado na actualidade dun posto de Psicólogo/a, entendendo que a solicitude se refire á dotación dunha praza e posto a maiores de psicólogo/a.
- Doc 230286640.- data 06/09/2023.- Xefatura da Área de Recursos Humanos e Formación, solicitando a creación de 3 novas prazas na Área (1 praza de Técnico/a de Admón.Xeral, 1 Enxeñeiro Industrial e 1 técnico de Formación e Aprendizaxe).



Copia do documento - Concello de Vigo  
42630-220

Data impresión: 25/10/2023 07:45

Páxina 5 de 20

CSV: ACAE32-3FC453-21D287-4FZ345-9ZBKKQ-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



- Copia da segunda acta do Órgano Responsable do Sistema Interno de Información do Concello de Vigo (Exp. 1463-1102): Creación da Unidade administrativa de apoio ao Organo Responsable do “Sistema Interno de Información”, adscrita a Secretaría de Goberno Local (1 praza de Técnico/a de Admón.Xeral, 1 praza administrativo/a).
- Doc 230299226.- data 22/09/2023.- Dirección de Ingresos: adscripción da funcionaria NP 76509 a unidade organizativa 516 por ser onde esta a prestar os seus servizos.
- Doc 230299642.- Data 25/09/2023.- Xefatura Policía Local: creación praza de Intendente e amortización praza Inspector Principal.
- Doc 230301777.- Data 26/09/2023.- Xefatura da Área de Contratación: Creación unha praza de T.A.X.
- Doc 230302726.- Data 27/09/2023.- Xefatura da Área de Contratación: Readscripción posto “Auxiliar técnico contratación” e creación dunha nova praza e posto asociado de Administrativo/a nesta Área.
- Doc 230302126.- Data 26/09/2023.- Asesoría Xurídica: previsión económica que posibilite a posterior modificación do tipo de posto existente de TAX, para o que xa consta unha praza no cadro de persoal, en Letrado/a Asesor/a Xurídico/a na Asesoría Xurídica Municipal e creación de dúas prazas que possibiliten a posterior incorporación de novos postos de letrado/a asesor/a xurídico/a.
- Doc 230306247.- Data 02/10/2023.- Xefatura do servizo de Medio Ambiente no que solicita a amortización dunha praza de oficial sepultureiro con posto de xefe de equipo e a creación dunha praza e o seu correspondente posto asociado de capataz.
- Doc 230122181, 230289267 en Exp. 42874/220.- Secretaria do Goberno Local: Solicitud de adscripción do posto de traballo de administrativo á Secretaría de Goberno Local.
- Doc 230309015.- Data 04/10/2023.- Sindicato Independiente SICO: incorporación da dotación económica necesaria para a incorporación de 32 postos ás tres quendas de servizo na Unidade de protección cidadá da Policía Local.
- Con respecto ao contido do documento 230309015 presentado polo Sindicato Independiente del Concello de Vigo (SICO), no que se solicita que se incorpore nos orzamentos do ano 2024 a dotación económica necesaria para a incorporación de 32 postos da Policía Local ao posto de Axente Policía Local Protección Cidadá (M/T/N), cómpre lembrar que, a modificación efectuada da estrutura organizativa e consecuentemente da Relación de Postos de traballo da Policía Local, fundamentouse nos informes emitidos pola adxudicataria do contrato de asistencia técnica e consultoría especializada formalizado para a realización do proceso de análise e valoración de postos de traballo (APT e VPT) e proposta organizativa da Policía Local, así como das modificacións introducidas pola Xefatura da Policía Local en canto a postos con xornada de quendas de Mañá/Tarde/Noite, recollido no documento final realizado pola consultora, e formando parte dos informes e documentación que foi obxecto de aprobación da relación de postos de traballo do Concello de Vigo 2023.
- Deste xeito, as 347 prazas “Policía” existentes no cadro de Persoal distribúense nos seguintes postos:



|  |  |                |
|--|--|----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo  | Data impresión: 25/10/2023 07:45           | Páxina 6 de 20 |
| 42630-220  | CSV: ACAE32-3FC453-21D287-4FZ345-9ZBKKQ-FD |                |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |  |                |



| n.º | Posto   | %   | Horario | T Xornada       |
|-----|---|-----|---------|-----------------|
| 50  | AXENTE POLICÍA PROCESOS E INTERIORES          | 14% | L-V     | CONTINUA DIÚRNA |
| 89  | AXENTE MOBILIDADE E TRANSPORTES (M/T)         | 26% | L-D     | M/T             |
| 50  | AXENTE POLICÍA UD. ESP. SEGURIDADE            | 14% | L-D     | M/T             |
| 5   | AXENTE EVAP                                   | 1%  | L-D     | M/T/N           |
| 12  | AXENTE MOBILIDADE E TRANSPORTES (M/T/N)       | 3%  | L-D     | M/T/N           |
| 25  | AXENTE POLICÍA ATESTADOS E INVESTIGACIÓN ACC. | 7%  | L-D     | M/T/N           |
| 116 | AXENTE POLICÍA PROTECCIÓN CIDADA              | 33% | L-D     | M/T/N           |

A distribución realízase en base ao número de presenza de efectivos necesaria en cada un das quendas do servizo, sendo a organización proposta convenientemente negociada coa representación sindical, sendo aprobada por maioría da representación sindical, segundo consta na certificación da Mesa Xeral de Negociación celebrada o 10/03/2023.

- Enténdese que na solicitude do Sindicato Independente SICO, estase a referir a unha nova distribución do persoal con praza de Policía Local, entre os distintos postos asociados a ditas prazas.

As retribucións para o ano 2024, co incremento do 3,01% (tendo en conta o incremento do 0,5% contemplado na LOXE para o ano 2023) serían as seguintes:

| nº postos<br>actuais | Cod<br>Posto | Posto                                 | Bas_ppto | CD_Ptto | CE_Ptto  |
|----------------------|--------------|---------------------------------------|----------|---------|----------|
| 116                  | 418          | AXENTE POLICÍA PROTECCIÓN CIDADA      | 11828,42 | 7366,24 | 17870,02 |
| 50                   | 420          | AXENTE POLICÍA UD. ESP. SEGURIDADE    | 11828,42 | 7366,24 | 16704,52 |
| 89                   | 421          | AXENTE MOBILIDADE E TRANSPORTES (M/T) | 11828,42 | 7366,24 | 16316,02 |

-O incremento de 32 postos a maiores no posto "Axente Policia Local Protección Cidadá (M/T/N)", suporía a diminución do número de efectivos doutros postos (Axente Policia Local Mobilidade e Transportes e/ou Axente Ud Especial Seguridade), e veríase incrementado o custo do servizo da Policia Local para o ano 2024 en 50.000,00 € (segundo o nº de postos modificados).

-Dende a data da aprobación definitiva do expte 40934-220 (maio 2023) ata outubro 2022, non se ten constancia de variacións substanciais nas funcións a desenvolver polo persoal da Policia Local e mais concretamente polo persoal asignado a Unidade de Protección Cidadá, que fagan necesario o incremento de efectivos do posto "Axente Policia Local Protección Cidadá (M/T/N)".

-Solicitude recibida en data posterior á devandita instrución de servizo da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal e, en consecuencia, non incorporada no cálculo do orzamento 2024, sen prexuízo do que poida resultar da negociación oportuna:

- Doc 230323086.- Data 10/10/2023.- Sección sindical CIG, o que solicita - Creación de 15 prazas novas de bombeiro e 10 de condutor-bombeiro, 5 prazas novas de traballador/a



|  |  |                |
|--|--|----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo  | Data impresión: 25/10/2023 07:45           | Páxina 7 de 20 |
| 42630-220  | CSV: ACAE32-3FC453-21D287-4FZ345-9ZBKKQ-FD |                |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |  |                |



social, transformación de 8 prazas de axudante de oficios en 8 prazas de oficiais de instalacións municipais para o servizo de Educación e transformación de 2 prazas de axudante de oficios en 2 prazas de oficiais de instalacións deportivas para o servizo de Deportes. Amais solicítase o incremento de 100.000 € a partida do Fondo de Acción Social, de cara a recuperar os incrementos de IPC dos últimos anos e a dotación dunha partida específica para a aplicación da nova RPT que está previsto realizar para todo o persoal municipal.

A solicitude da sección sindical da CIG, sin cuantificar a petición da aplicación específica para a revisión da RPT, suporía un incremento orzamentario de 1.318.752,02 €.

|  |                    |                     |
|--|--------------------|---------------------|
| <b>Posto Bombeiro</b>  | Básicas            | 10.026,02 €         |
|  | CD                 | 5.862,64 €          |
|  | CE                 | 23.200,94 €         |
|  | <b>Total Anual</b> | <b>39.089,60 €</b>  |
| <b>Creación 15 prazas Bombeiro</b>                                       |                    | <b>586.344,00 €</b> |
| <b>Posto Conductor-Bombeiro</b>  | Básicas            | 10.026,02 €         |
|  | CD                 | 5.862,64 €          |
|  | CE                 | 23.200,94 €         |
|  | <b>Total Anual</b> | <b>39.089,60 €</b>  |
| <b>Creación 10 prazas Conductor-Bombeiro</b>                             |                    | <b>390.896,00 €</b> |
| <b>Posto Traballador/a Social</b>  | Básicas            | 15.443,92 €         |
|  | CD                 | 10.377,64 €         |
|  | CE                 | 17.975,30 €         |
|  | <b>Total Anual</b> | <b>43.796,86 €</b>  |
| <b>Creación 5 prazas Traballador/a social</b>                            |                    | <b>218.984,30 €</b> |
| <b>Posto Axudante de Oficios</b>   | Básicas            | 9.188,48 €          |
|  | CD                 | 5.110,28 €          |
|  | CE                 | 10.891,44 €         |
|  | <b>Total Anual</b> | <b>25.190,20 €</b>  |
| <b>Posto Oficial Instal.Municipais</b>                                   | Básicas            | 10.026,02 €         |
|  | CD                 | 5.862,64 €          |
|  | CE                 | 11.327,96 €         |
|  | <b>Total Anual</b> | <b>27.216,62 €</b>  |
| <b>Posto Oficial Instal. Deportivas</b>                                  | Básicas            | 10.026,02 €         |
|  | CD                 | 5.862,64 €          |
|  | CE                 | 12.459,72 €         |
|  | <b>Total Anual</b> | <b>28.348,38 €</b>  |
| <b>Diferencia Oficial Instal.Municipais-Axte de Oficios</b>              |                    | <b>2.026,42 €</b>   |
| <b>Transformacion 8 Axte de Oficios en Oficial de Instal. Municipais</b> |                    | <b>16.211,36 €</b>  |







|   |                       |
|---|-----------------------|
| Diferencia Oficial Instalacións Deportivas-Axudante de Oficios            | 3.158,18 €            |
| <b>Transformación 2 axtes de Oficios en Oficial de Instal. Deportivas</b> | <b>6.316,36 €</b>     |
| <b>Incremento Fondo social</b>  | <b>100.000,00 €</b>   |
| <b>Total proposta</b>   | <b>1.318.752,02 €</b> |

Como consecuencia da instrución de servizo da Concelleira da Área de data 06/10/2023, inclúense no anteproxecto de capítulo I de gastos do orzamento 2024 as seguintes:

**PRAZAS NOVA CREACIÓN**

| Doc       | Servizo/Área Solicitante    | Praza                                    | N.º GR  | Básicas    | CD         | CE         | TOTAL RTB  |
|-----------|-----------------------------|--|---------|------------|------------|------------|------------|
| 230286640 | RRHH e Formación            | Técnico/a de Admón. Xeral, rama xurídica | 1 A1    | 17.562,94€ | 11.696,86€ | 21.255,50€ | 50.515,30€ |
|           |                             | Enxeñeiro/a Industrial                   | 1 A1    | 17.562,94€ | 11.696,86€ | 28.794,50€ | 58.054,28€ |
| 230040807 | Igualdade                   | Psicólogo/a                              | 1 A1    | 17.562,94€ | 11.696,86€ | 21.255,50€ | 50.515,30€ |
| 1463-1102 | ORSII                       | Técnico/a de Admón. Xeral, rama xurídica | 1 A1    | 17.562,94€ | 11.696,86€ | 21.255,50€ | 50.515,30€ |
|           |                             | Administrativo/a de Admón. Xeral         | 1 C1    | 11.828,42€ | 6.990,34€  | 11.851,28€ | 30.670,04€ |
| 230299642 | Policía Local               | Intendente                               | 1 A1    | 17.562,94€ | 13.332,34€ | 29.524,18€ | 60.419,46€ |
| 230302126 | Asesoría Xurídica           | Técnico/a de Admón. Xeral, rama xurídica | 1 A1    | 17.562,94€ | 11.696,86€ | 21.255,50€ | 50.515,30€ |
|           |                             |  | T(2) A1 | 35.125,88  | 23.393,72  | 42.511     | 101.030,6  |
| 230302726 | Contratación                | Administrativo/a de Admón. Xeral         | 1 C1    | 11.828,42€ | 6.990,34€  | 11.851,28€ | 30.670,04€ |
| 230301777 | Contratación                | Técnico/a de Admón. Xeral, rama xurídica | 1 A1    | 17.562,94€ | 11.696,86€ | 21.255,50€ | 50.515,30€ |
| 230306247 | Medio ambiente (Cemiterios) | Capataz                                  | 1 C1    | 11.828,42€ | 6.614,30€  | 16.035,18€ | 34.477,90€ |

**PRAZAS AMORTIZACIÓN**

| Doc       | Servizo/Área Solicitante | Praza                | N.º GR | Básicas    | CD         | CE         | TOTAL RTB  |
|-----------|--------------------------|----------------------|--------|------------|------------|------------|------------|
| 230299642 | Policía Local            | Inspector principal  | 1 A2   | 15.443,92€ | 11.696,86€ | 27.193,46€ | 54.334,24€ |
|           | Medio ambiente           |                      |        |            |            |            |            |
| 230306247 | (Cemiterios)             | Oficial sepultureiro | 1 C2   | 10.026,02€ | 6.237,84€  | 13.034,14€ | 29.298,00€ |



|  |  |                |
|--|--|----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo  | Data impresión: 25/10/2023 07:45           | Páxina 9 de 20 |
| 42630-220  | CSV: ACAE32-3FC453-21D287-4FZ345-9ZBKKQ-FD |                |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |  |                |



Créase a Unidade administrativa de apoio ao Órgano Responsable do “Sistema Interno de Información” (código 120), adscrita a Secretaría de Goberno Local na que se integran dous postos correspondentes coas dúas novas prazas creadas de técnico/a de Admón Xeral e administrativo/a.

### -INCIDENCIA DA APROBACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO 2023

O artigo 38.3 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (LEPG), dispón que os orzamentos reflectirán os créditos correspondentes ás relacións de posto de traballo (RPT), sen que poidan existir ningún posto que non estea dotado orzamentariamente.

A aprobación da RPT, que corresponde a Xunta de Goberno Local, constitúe unha manifestación da potestade autoorganizativa da Administración Local recollida no artigo 4.1 da LRBRL que se ben ten un marcado carácter discrecional, deberá en todo caso exercerse dentro do respecto aos principios de legalidade e de prohibición da arbitrariedade que debe rexer toda actuación administrativa e de goberno municipal (artigos 9.1 e 103.1 da Constitución Española de 1978) e, polo tanto, co obrigado cumprimento dos requisitos e límites recollidos na normativa vixente que resulte de aplicación, tanto de natureza material ou substantiva como no tocante ao procedemento de aprobación.

Neste senso a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia(TSXG), do 18 de abril de 2012: “(...), en cada Relación de Puestos de Trabajo se determina el perfil objetivo de cada puesto con sus principales características y forma de provisión, y ello atendiendo al programa elaborado por la Administración para el desarrollo de cada servicio público, en que confluyen las facultades discrecionales de organización que corresponden a la misma. En efecto, corresponde a la Administración tomar la iniciativa de la elección entre las diversas opciones razonables en presencia en cada supuesto, por ser competencia de quien gobierna...”

A Xunta de Goberno Local, na sesión do 16 de marzo de 2023, prestou aprobación inicial á proposta de aplicación de estudo de análise e valoración retributiva e funcional de postos de traballo e mellora na organización interna da Policía Local do Concello de Vigo e aprobación da relación de postos de traballo do Concello de Vigo 2023, expediente 40934/220.

En relación coa proposta organizativa da Policía Local, esta conleva un reaxuste dos complementos específicos de diversos postos. O RD 861/1986 do 25 de abril, polo que se establece o réxime de retribucións dos funcionarios de Administración Local, determina no seu artigo 4 «1. *El complemento específico está destinado a retribuir las condiciones particulares de algunos puestos de trabajo en atención a su especial dificultad técnica, dedicación, incompatibilidad, responsabilidad, peligrosidad o penosidad. En ningún caso podrá asignarse más de un complemento específico a cada puesto de trabajo, aunque al fijarlo podrán tomarse en consideración conjuntamente dos o más de las condiciones particulares mencionadas que puedan concurrir en un puesto de trabajo.*

2. *El establecimiento o modificación del complemento específico exigirá, con carácter previo, que por la Corporación se efectúe una valoración del puesto de trabajo atendiendo a las circunstancias expresadas en el número 1 de este artículo».*





En consecuencia, a modificación do complemento específico require previamente que se efectúe unha análise técnica e valoración dos postos de traballo. Consta incorporado no citado expediente a elaboración dun estudo de análise e valoración realizado por Rodríguez Viñals, S.L, Asesores de Administración Local, con unión de documentación revisada en función dos informes da Xefatura da Policía Local, e da documentación trasladada pola Xefatura da Área de Recursos Humanos.

Finalizado o período de exposición pública de 20 días sen que se tivesen realizado alegacións, en cumprimento do preceptuado no artigo 202.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, elevouse a definitivo o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 16/03/2023 (Expte: 40934/220), procedéndose á súa publicación, conforme ao artigo 202.3 da mesma lei, no BOP de Pontevedra nº 93, de 16 de maio de 2023 e á súa remisión ao portal de Transparencia.

Ditas modificacións figuran incorporadas no anteproxecto do Capítulo I de gastos para 2024.

-Outras modificacións a realizar con efectos na estrutura orzamentaria e RPT:

1. Modifícase a adscripción do posto 105 “Administrativo/a”, ao que se atopa adscrita a empregada con NP 22757 da unidade administrativa Codg 543- Tesourería Pagaduría, a unidade 540 -Recadación Voluntaria, ambas pertencentes ao programa 9340, segundo escrito de data 12/06/2023 (Doc 230149746 incorporado ao expte 42874-220).
2. Readscripción dun posto Codg 249 Oficial Fontaneiro existente no servizo 442 “Taller de Vías e Obras” (programa 1532) a o servizo de Medio Ambiente (Programa 1721), cos seus correspondentes créditos e a inclusión dun posto de Oficial de mantemento instalacións municipais existente no servizo de Medio ambiente a unidade 442 Taller de Vías e Obras, readscripción xa contemplada na aprobación da RPT 2023.
3. Segundo Resolución de data 30/01/2018, o efectivo con NP 82163 con posto codg 328 “Oficial carpinteiro” foi reasignado da Unidade de Mantemento de Servizos Municipais (cod. 450) á Área de Cultura (cod. 328), figurando aínda no programa económico 1532, debendo figurar no programa 3340.
4. Readscripción dun posto Codg 180 “Arquitecto Técnico-Aparellador” ao que se atopa adscrita a funcionaria con NP 84857 da Unidade 440 a unidade 241, polo que cumpre realizar a correspondente resignación dos créditos do mesmo do programa 1532 ao 9330, tal e como figura na RPT 2023.
5. Por outra banda, detéctase a existencia dunha praza de Auxiliar (Régime Laboral) e posto Codg 140, na unidade 211 “Oficina Adtva Policía Local”, vacante por recoñecemento de incapacidade en grao absoluta dende o 19/12/2020, polo que se propón a amortización de dita praza e a creación dunha praza auxiliar admón. xeral con vínculo funcional.
6. Así mesmo na Unidade 430 Unidade Parque Central atópase vacante un posto de oficial instalacións Deportivas, vacante dende 26/07/2020, data na que o INSS resolveu recoñecer ao traballador **con número persoal 60143**, a prestación de incapacidade permanente no grao de total con efectos económicos dende o 27/07/2020.





Dito posto foi readscrito a dita unidade por adaptación de posto (Expte 33337-220) polo que enténdese debería ser adscrito ao servizo de Deportes (Codg 611), debendo figurar os seus créditos no programa 3420 e non no 9202.

7. En data 20/09/2016, o Instituto Nacional da Seguridade Social (doc. Núm.: 160172807) recoñece a prestación de incapacidade permanente no grao de Total, do funcionario con número de persoal 11104, adscrito ao Servizo do Parque Central (430), causando baixa na nómina municipal con data de efectos 19/09/2016, sin que dende dita data se realizara revisión do traballador por agravación ou melloría. O posto ao que se atopaba adscrito dito empregado (alguacil-notificador) figura na Unidade Parque Central polo que debería considerarse o seu cambio de adscripción e a conseguinte consignación dos importes correspondentes no programa económico da Unidade de Destino que se considere ou ben a amortización da mesma e a creación dunha plaza e posto asociado de Ordenanza, adscrito a Conserxería Municipal.
8. Atópase vacante unha praza e o seu correspondente posto asociado de Auxiliar Servizos Internos por xubilación do seu titular en data 07/04/2022 no servizo 443.- Servizo de Supervisión de proxectos e Asistencia técnica municipal, polo que se propón a amortización de dita praza nova praza de auxiliar administrativo, vínculo funcional, asociada a un posto de auxiliar no mesmo servizo 443.
9. Atópase vacante unha praza "Oficial Conductor Zoo", por xubilación do seu titular O 16/12/2022 polo que se propón a amortización de dita praza e a creación dunha praza de "Oficial Conductor", sendo adscrito dito posto ao Parque Mobil municipal.
10. En data 22/09/2023, asinado pola Xefa de Inspección de Tributos e a Directora de Ingresos, Xestión Catastral Delegada e o Concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, solicítase que a funcionaria con NP 76509 adscrita a unidade 502 sexa adscrita a unidade 516 relativa á xestión de lixo comercial e aproveitamento da vía pública con vados por ser en onde esta a prestar efectivamente os seus servizos, realizándose a correspondente modificacións dos créditos correspondentes a dito posto.

## RESULTADO DOS DATOS OBTIDOS DAS ANTERIORES ACTUACIÓNS

Coa realización das anteriores actualizacións na simulación orzamentaria, realízase o cálculo dos custes das retribucións do persoal municipal, segundo as indicacións da Dirección Superior Contable, obténdose os seguintes importes:

### -No referido ás retribucións de persoal:

No documento consígnase unha contía global de 70.425.402,76 €, abrangendo a mesma as retribucións básicas dos funcionarios (soldo base en 14 pagas e antigüidade) e complementarias (complemento de destino, complemento específico) e persoal laboral así como as dotacións orzamentarias consignadas para o persoal eventual –cuxo número é réxime corresponde determinar á Xunta de Goberno Local ex artigo 127.1. h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, nos termos e condicións da configuración efectuada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da





Administración Local- que debe axustarse en todo caso aos límites no incremento das retribucións do persoal ao servizo do sector público:

| RETRIBUCIÓN PERSOAL |  |                        |
|---------------------|--|------------------------|
| Funcionarios        | Básicas + antigüidade + CE+CD+ Seguridade Social | 55.947.750,28 €        |
| Laborais            | Básicas + antigüidade + CE+CD+ Seguridade Social | 13.572.081,69 €        |
| Eventuais           | Básicas+ Seguridade Social                       | 905.570,79 €           |
|                     |  | <b>70.425.402,76 €</b> |

**-En canto as retribucións da Corporación Municipal:**

|                           | 12 Pagas            | 14 Pagas            | Total                 |
|---------------------------|---------------------|---------------------|-----------------------|
| Básicas                   | 231.333,60 €        | 680.962,52 €        | 912.296,12 €          |
| Antigüidade               | 0,00 €              | 23.660,64 €         | 23.660,64 €           |
| <b>Total Retribucións</b> | <b>231.333,60 €</b> | <b>704.623,16 €</b> | <b>935.956,76 €</b>   |
| Seguridade Social         | 76.455,60 €         | 174.483,12 €        | 250.938,72 €          |
| <b>Total Corporación</b>  | <b>307.789,20 €</b> | <b>879.106,28 €</b> | <b>1.186.895,48 €</b> |

**-OBSERVACIÓN DOS CRÉDITOS INICIAIS CAPITULO I, E ESTADO DE EXECUCIÓN DE GASTOS DO EXERCICIO 2023**

A determinación dos importes das aplicacións non correspondentes a retribucións fixas e periódicas que se integran no Capítulo 1 de gastos é a seguinte:

- 1.-Aplicación 221.0.162.04.00 **"Fondo social"** dotada dun crédito inicial de 480000,00€, manténdose o crédito do orzamento 2023.
- 2.- No anteproxecto de orzamento 2024, o crédito inicial da partida 920.0.150.0000 **"Productividade"** establécese nun importe de 160.000,00 €. Con cargo a dita partida estímase un gasto polo aboamento dos complementos de produtividade contemplados nas instrucións de plantilla, manténdose o mesmo importe que o aprobado no orzamento do ano 2023.

No vixente orzamento (exercicio 2023) o crédito inicial da aplicación 920.0.1500000 **Productividade**, conta cun crédito inicial de 160.000,00€, téndose realizado modificacións por importe de 55746,96€ sendo o saldo, a data da 12/09/2023 de 81213,10€.



|  |  |                 |
|--|--|-----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo  | Data impresión: 25/10/2023 07:45           | Páxina 13 de 20 |
| 42630-220  | CSV: ACAE32-3FC453-21D287-4FZ345-9ZBKKQ-FD |                 |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |  |                 |



3.- Na Aplicación 132.0.1500000.- “**Produtividade Servizo Policía Local**” cun crédito inicial da partida por importe de 240.000,00 €, a que se imputará o gasto ocasionado polo complemento de produtividade a aboar en concepto de programa de dispoñibilidade ao persoal do Corpo. Deberase ter en conta que os posibles incrementos a realizar nesta aplicación orzamentaria mediante as correspondentes modificacións de crédito, realizaranse cos créditos mensuais non consumidos correspondentes aos postos vacantes do programa 132.0. Mantense o crédito aprobado no orzamento 2023.

No vixente orzamento (ano 2023) a aplicación dotouse cun crédito inicial de 240000,00€, habéndose realizado ata a data modificacións de crédito por importe de 1.547.732,81€, sendo o saldo a data 12/09/2023 de 125.777,01€. Ata o mes de marzo incluído, foron aboadas con cargo a mesma os importes da festividade e nocturnidade estrutural que pasaron a incluírse no complemento específico dos postos do persoal do servizo da Policía Local, segundo acordo da Xunta de Goberno Local de data 16/03/2023 (Expte 40934/220).

4.- Na Aplicación 136.0.1500000.- “**Produtividade Servizo Extinción Incendios**”, cun crédito inicial establecido en 20.000,00€, no caso de estimarse a necesidade de aprobación dalgún expediente de complemento de produtividade para o persoal deste Servizo que supere o crédito inicial desta aplicación orzamentaria, estará supeditado a existencia de crédito non consumido dos postos vacantes do programa 136.0 que permita realizar a pertinente modificación de crédito. Mantense o crédito aprobado no orzamento 2023.

No exercicio 2023 ata a data, realizouse modificación de crédito por importe de 59236,91€ existindo un saldo a ata a data de 48917,39€.

5.- Na Aplicación 920.0.151.00.00.- “**Gratificacións Servizos Municipais**” o crédito inicial proposto para dita partida no anteproxecto de Capítulo I de gastos do Orzamento 2024 é de 150.000,00€, debéndose prever a realización das pertinentes modificacións de créditos non consumidos da totalidade dos postos vacantes, excepto as dos programas 132.0 e 136.0, estando supeditado o aboamento de gratificacións aos créditos existentes en cada momento. Mantense o crédito aprobado no orzamento 2023.

Dita aplicación no vixente orzamento a data de hoxe conta cun saldo de 114.263,53 €, téndose realizado modificacións de crédito por importe de 154.004,74 €.

6.- Con cargo a aplicación 132.0.151.00.00.- “**Gratificacións Corpo Policía Local**,” cun crédito inicial de 50.000,00 €, imputarase o gastos en concepto de gratificacións do persoal do programa 132.0. No caso de ser insuficientes realizaranse as modificacións orzamentarias pertinentes con créditos non consumidos dos postos vacantes neste programa orzamentario. Mantense o crédito aprobado no orzamento 2023.

Con respecto a dita aplicación no exercicio 2023 ata a data, cun saldo inicial de 50.00,00€, incrementouse o mesmo mediante transferencias dos créditos non utilizados dos postos vacantes do programa 132 por importe de 290149,14€, sendo o saldo a data 12/09/2023 de 89984,22€.

7.- O crédito inicial proposto para aplicación 136.0.151.00.00.- “**Reforzos e outras gratificacións Servizo Extinción Incendios**” no anteproxecto de Capítulo I de gastos





do Orzamento 2022 é de 190.000,00€. Mantense o crédito aprobado no orzamento 2023.

Con cargo a dita partida imputárase o gastos en concepto de gratificacións do persoal do programa 136.0. No caso de ser insuficientes realizaranse as modificacións orzamentarias pertinentes con créditos non consumidos dos postos vacantes neste programa orzamentario.

En canto ás contías máximas do gasto imputable aos concepto de produtividade e gratificacións estarase ao disposto nas Bases de Execución do Orzamento que se aproben para o ano 2024, segundo os porcentaxes dispostos no Real Decreto 861/1986, polo que deberán adoptarse as medidas oportunas para que o gasto anual nas devanditas partidas non superen os límites fixados.

8.- Aínda que o persoal indefinido por sentenza se inclúe no Plan de Estabilización do Emprego Temporal, orzamentáanse os importes correspondentes a antigüidade do persoal actual na aplicación 92001430001 “**Persoal indefinido por sentenza.**” Para o aboamento das retribucións de dito persoal, mentres non se execute a OEP correspondente a dito Plan, deberánse realizar as correspondentes modificacións orzamentarias cos créditos non consumidos correspondentes aos mesmos.

9.- Nas indicacións sobre custes de persoal no orzamento do ano 2024 asinado pola Tesoureira e Responsable Superior Contable e Orzamentación e conformado polo Concelleiro Delegado da Área en data 04/07/2023 sinálase que a dotación para contratos sen praza, aplicación 9200.1400000, non poderá ter unha dotación superior a prevista inicialmente para o ano 2023.

O crédito xa aprobado e comprometido para o exercicio 2024 (AFUTS), segundo os datos obrantes no programa informático SICAL ascende a 1.033.092,51€, polo inclúese como crédito inicial da aplicación 92001410000 “**Outras mod.nomeamento persoal temporal non permanente**”, dito importe (1.033.092,51€) sendo necesario realizar as necesarias modificacións orzamentarias con cargo aos créditos non consumidos ao longo do exercicio 2024, ao efecto de dispor de crédito para os nomeamentos interinos por acumulación de tarefas ou programas que sexa necesario realizar, de se-lo caso, no vindeiro exercicio económico.

10.- O crédito inicial da aplicación 221,0,127,0000 “**Plan de Pensións**” (Disp. Transitoria 6ª acordo regulador) calcúlase supoñendo que o plan o subscriba un máximo de 680 traballadores/as ao tope máximo de achega municipal, en 14 mensualidades, manténdose a mesma cantidade que a aprobada para o ano 2023.

11.- Con respecto ao **concepto 160** incrementáanse os topes máximos contemplados no orzamento do ano 2023 nun 2%, segundo as indicacións da Dirección Superior Contable e Orzamentaria coa realización de axustes respecto das porcentaxes de cotización das vacantes existentes, excluindo no custe a porcentaxe correspondente ao Fondo de Desemprego.

Respecto das aplicacións orzamentarias destinadas ao aboamento das cotas empresariais da **Seguridade Social a cargo da empresa**, cun crédito inicial fixado na cantidade de 16.911.084,34 € que recolle o custo dos seguros sociais dos postos da vixente R.P.T, do Plan de Emprego Municipal, así como a dos membros da corporación con dedicación exclusiva e parcial, faise constar que a mesma recolle o



|  |  |                 |
|--|--|-----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo  | Data impresión: 25/10/2023 07:45           | Páxina 15 de 20 |
| 42630-220  | CSV: ACAE32-3FC453-21D287-4FZ345-9ZBKKQ-FD |                 |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |  |                 |



custe das cotizacións dos empregados polas súas retribucións fixas (saldo inicial e antigüidade e o importe do complemento de destino e específico) segundo as indicacións da Dirección Superior Contable de ata 06/10/2023, así como a achega municipal ao plan de pensións, descoñecendo neste intre as posibles variacións que se podan incluír na Lei de Orzamentos xerais do Estado para o vindeiro ano.

Calquera outra retribución devengada (gratificacións, produtividade, nomeamentos interinos por acumulación de tarefas, etc) terá a súa repercusión na súa base de cotización e conseguintemente no custe de seguridade social.

A documentación que se remite, reflicte os cambios producidos ata a data deste informe.

De acordo coas instrucións do Tesoureiro e Responsable Superior Contable e Orzamentación incorporadas ao expediente, con posterioridade á mesma, aos efectos de manter a coherencia técnica e orzamentaria entre os acordos e o proxecto orzamentario, **deberá evitarse a tramitación de expedientes que alteren a funcionalidade do gasto**, xa que o Orzamento que se tramite e aprobe, deberá dar resposta técnica e orzamentaria aos devengos que xere a carga da nómina do mes de xaneiro do ano 2023, en consecuencia, os cambios de postos dun programa orzamentario a outro, unha vez que se formen os datos para o Orzamento 2024, deberán diferirse ao ano seguinte. Se o acordo se adopta no ano 2023, a súa eficacia deberá quedar diferida, polo que os acordos deberán conter esta condición explícita así como a realización da correspondente modificación orzamentaria.

**-ANTEPROXECTO CAPÍTULO I ORZAMENTOS 2024**

O Capítulo I de Gastos previsto para o vindeiro exercicio 2024, ascende a un total de **76.831.146,90 €**.

Deste xeito, o anteproxecto do Capítulo I de orzamentos para o ano 2024 quedaría conformado cos seguintes datos:

| RETRIBUCIÓN PERSOAL |              |             | Importe         | Total |
|---------------------|--------------|-------------|-----------------|-------|
| 120                 | Funcionarios | Básicas     | 13.017.975,22 € |       |
| 120                 |              | Antigüidade | 2.352.164,80 €  |       |
| 121                 |              | CD          | 8.425.675,30 €  |       |
| 121                 |              | CE          | 19.488.394,10 € |       |
| 130 Persoal Laboral |              | Básicas     | 3.464.096,62 €  |       |
|                     |              | Antigüidade | 543.448,22 €    |       |
|                     |              | CD          | 2.083.285,26 €  |       |
|                     |              | CE          | 4.174.116,38 €  |       |
| 912.0.110.00.00     | Eventuais    | Básicas     | 699.503,14 €    |       |







|                 |                                 |                |                        |
|-----------------|---------------------------------|----------------|------------------------|
| 912.0.100.00.00 | Corporación                     | Básicas + Anti | 935.956,76 €           |
| 920.0.143.00.01 | Persoal indefinido por sentenza | (Antigüidade)  | 92.804,28 €            |
| <b>Subtotal</b> |                                 |                | <b>55.277.420,08 €</b> |

**SEGURIDADE SOCIAL**

|                       | Importe         | Total                  |
|-----------------------|-----------------|------------------------|
| 160 Funcionarios      | 12.663.540,86 € |                        |
| Persoal Laboral       | 3.307.135,21 €  |                        |
| Eventuais             | 206.067,65 €    |                        |
| Corporación           | 250.938,72 €    |                        |
| Sentencias            | 0,00 €          |                        |
| Plan de Emprego       | 300.000,00 €    |                        |
| Interinaxes sen praza | 182.401,89 €    |                        |
| <b>Subtotal</b>       |                 | <b>16.910.084,34 €</b> |

**PRODUTIVIDADE E GRATIFICACIÓNS**

|                 | Importe      | Total               |
|-----------------|--------------|---------------------|
| 920.0.150.00.00 | 160.000,00 € |                     |
| 132.0.150.00.00 | 240.000,00 € |                     |
| 136.0.150.00.00 | 20.000,00 €  |                     |
| 920.0.151.00.00 | 150.000,00 € |                     |
| 132.0.151.00.00 | 50.000,00 €  |                     |
| 136.0.151.00.00 | 190.000,00 € |                     |
| <b>Subtotal</b> |              | <b>810.000,00 €</b> |

**OUTROS CONCEPTOS CAP I**

|   | Importe        |
|---|----------------|
| 221.0.161.03.02   | 5.469,44 €     |
| Complemento de pensións por xubilacións                                     |                |
| Abono incapac. Temp. Duración tram.   |                |
| 920.0.141.01.00   | 1.000,00 €     |
| Invalidez   |                |
| 221.0.161.04.00   | 1.000,00 €     |
| Reserva para xubilación anticipada  |                |
| 920.0.140.00.00   | 1.033.092,51 € |
| Outras mod.nomeamento persoal temporal non permanente (INTERINOS SIN PLAZA) |                |
| 241.0.131.00.00   | 1.210.000,00 € |
| Planes Emprego  |                |
| 221.0.162.04.00   | 480.000,00 €   |
| Fondo Social (ART. 30 Acordo Regulador)                                     |                |
| 221.0.127.00.00   | 545.781,60 €   |
| Plan de Pensións (Disp. Transitoria 6ª acordo regulador)                    |                |





|                 |   |                        |
|-----------------|---|------------------------|
| ...162.00.00    | Formación do persoal municipal  | 54.858,00 €            |
| 221.0.162.05.00 | Seguro Colectivo Vida E Accidentes  | 149.400,00 €           |
| 920.0.162.04.00 | Fins culturais/deportivos Art 34 convenio   | 6.010,12 €             |
| 221.0.160.08.01 | Asistencia médico sanitaria no extranxeiro  | 601,01 €               |
| 221.0.162.05.01 | Seguro vida accidentes persoal contratado   | 10.000,00 €            |
| 920.0.162.05.01 | Seguro accidentes vehículos municipais  | 1.803,04 €             |
| 920.0.162.05.02 | Seguro carnet conducir condutores   | 1.095,96 €             |
| 920.0.141.00.00 | Indemnizacións Por Sentencias Xudiciais<br>Ou Resolucións Doutras Administracións | 72.000,00 €            |
| 221.0.160.08.00 | Vixancia saúde (P.R.L.) (Asistencia<br>medica do persoal)                         | 209.007,80 €           |
| 136.0.160.08.00 | Asistencia médica "mergullo" Servicio<br>Extinción de Incendios                   | 2.000,00 €             |
| 1360 1210099    | Aplicación estudo SEIS  | 50.000,00 €            |
|                 | Subtotal  | 3.830.119,82 €         |
|                 | <b>TOTAL 2024</b>   | <b>76.830.624,23 €</b> |

Da cuantificación económica exposta por partidas orzamentarias dos gastos de persoal previstos para o Capítulo I do orzamento de gastos para o exercicio económico 2024, resulta unha cantidade total de **76.830.624,23 €** fronte aos 74.325.614,94€, do exercicio 2023.

En calquera caso, resulta de inexcusable cumprimento o previsto no marco normativo de aplicación en materia de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, aspecto este que deberá ser verificado durante a tramitación do proxecto de Orzamentos Municipais para o ano 2024.

#### **-INTERINOS NOMEADOS DURANTE O EXERCICIO 2023**

Coa aprobación da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público (LTEP), preténdese activar un conxunto de medidas encamiñadas a atallar a excesiva temporalidade nas administracións públicas, reforzando o carácter temporal da figura do persoal interino, delimitando o prazo máximo de duración da prestación de servizos, evitando un uso fraudulento desta figura.

A este respecto, cómpre destacar a aprobación por parte da Xunta de Goberno Local, do acordo de data 18/08/2022 sobre os "criterios de xestión das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego no Concello de Vigo"(expediente 36685/220).

De acordo cos datos dispoñibles no programa GINPIX, durante o que vai de exercicio 2023 (ata o 01/09/2023), constan nomeados un total de **41** persoal interino:

- 16 con cargo a vacantes
- 8 por execución de programas
- 17 por acumulación de tarefas



|  |  |                 |
|--|--|-----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo  | Data impresión: 25/10/2023 07:45           | Páxina 18 de 20 |
| 42630-220  | CSV: ACAE32-3FC453-21D287-4FZ345-9ZBKKQ-FD |                 |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |  |                 |

**-CADRO DE PERSOAL OU PLANTILLA.**

O cadro de persoal (ou plantilla), que figura entre a documentación técnica incorporada ao presente expediente, é unha manifestación da potestade de auto-organización das corporacións locais, recoñecida no artigo 4.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

O cadro de persoal está ligado ao orzamento, vinculando as políticas de xestión de persoal da corporación e converténdose en un elemento imprescindible para dar cumprimento á legalidade orzamentaria, indicando os postos que poden cubrirse coas dotacións orzamentarias dispoñibles. Ao mesmo tempo configúrase tamén como un límite negativo, xa que non poden crearse, nin cubrirse, postos ou prazas que non estean dotadas orzamentariamente.

Deste xeito, o artigo 90 da citada LRBRL, dispón que lle corresponde a cada Corporación aprobar anualmente a través do Orzamento, a plantilla que deberá comprender todos os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual e deberá responder aos principios de racionalidade, economía, e eficiencia, e establecerse de acordo coa ordenación xeral da economía, sen que os gastos de persoal poidan sobrepasar os límites que se fixen con carácter xeral.

Á súa vez, o artigo 126 do RDLex. 781/86, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, establece que as plantillas deberán comprender todos os postos de traballo debidamente clasificados reservados a persoal funcionario, persoal laboral e eventual, aprobaranse anualmente con ocasión da aprobación do orzamento e responder aos principio do mencionado artigo 90 da LRBRL.

O RDLex 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido de Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, TREBEP, non recolle expresamente o concepto de plantilla ou cadro de persoal, aínda que no seu artigo 73.3 establece que os postos de traballo poderán agruparse en función das súas características para ordear a selección, a formación e mobilidade.

A plantilla ou a cadro de persoal orzamentario para o exercicio 2024 queda conformado con un total de 1404 prazas, das cales:

- 1056 prazas se corresponden a persoal funcionario de carreira.
- 328 prazas que se corresponden a persoal laboral.
- 20 prazas que se corresponden a persoal eventual.

Con todo exposto, emítase o presente informe aos efectos que procedan en relación co anteproxecto do Capítulo 1 dos Orzamentos Municipais para o ano 2024.



**CONCELLO  
DE VIGO**



**Concelleira da Área de  
Seguridade, Contratación,  
Festas e Xestión Municipal**

**Área de RRHH e  
Formación**

Vigo, data sinatura dixital

O EQUIPO DE TRABALLO DO ANTEPROXECTO DO CAPÍTULO I DE ORZAMENTOS PARA 2024

A administrativa de Administración Xeral da Área de RRHH e Formación.- Tatiana Ordóñez del Pazo

A técnica de Avaliación e Formación de RRHH.- Sonia Estrada Ibáñez

O técnico de Administración Xeral da Área RRHH e Formación.- Marcos Vitorro Gómez

Conforme:

A xefa da Área de Recursos Humanos e Formación.- María Dapena Gómez

A concelleira delegada de Normalización Lingüística, Educación, Recursos Humanos e Formación (resolucións da Alcaldía de datas 19/06/2023, 20/06/2023 e 28/06/2023)-. María Olga Alonso Suárez.

A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolucións da Alcaldía de datas 19/06/2023, 20/06/2023 e 28/06/2023 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/06/2023).- Patricia Rodríguez Calviño

